

O GOBERNO LOCAL DE CUNTIS FÚRTALLE MÁIS DE 65000 EUROS AO TECIDO ASOCIATIVO

- *O Concello de Cuntis non lle pagou as subvencións nominativas de 2020 a doce entidades sen ánimo de lucro, que tiñan asignados 65100 euros nos orzamentos municipais.*
- *Veciñanza valora esta decisión como un dos escándalos máis graves da lexislatura e unha decisión impresentable, inxusta e autoritaria por parte dun goberno que combina altas doses de arrogancia con esa incapacidade característica que o define.*

Cuntis, 8 de xuño de 2021

O Concello de Cuntis non lle abonou as subvencións nominativas correspondentes ao ano 2020 ás asociacións e entidades sociais, culturais e deportivas que teñen asignadas estas axudas nos orzamentos municipais. Ante as preguntas de Veciñanza no último pleno municipal (o do xoves 27), o Alcalde confirmou que efectivamente o goberno municipal decidira non pagar esas axudas.

En Cuntis, un total de doce entidades tiñan asignadas nos orzamentos un total de 65.100 euros para o desenvolvemento da actividade e o seu normal funcionamento ordinario. Trátase de asociacións sen ánimo de lucro do ámbito cultural, deportivo e educativo que dinamizan a vila e promoven múltiples actividades durante o ano, conformando un tecido asociativo vivo e do que estarmos orgullosos/as. Estas e outras entidades suplen desinteresadamente as carencias da administración local no que se refire á organización de **eventos deportivos, actividades de normalización lingüística, xestión de clubs deportivos, conservación de patrimonio, actos culturais, teatro, baile, etc.** A decisión unilateral do Concello de Cuntis de suprimir as axudas asignadas afecta notablemente a algunhas destas entidades e débese a un criterio sen ningún tipo de xustificación, xa que se trata da negativa a executar partidas orzamentarias xa comprometidas.

O Concello de Cuntis furtoulle máis de 65 mil euros ao tecido asociativo cuntese precisamente no ano no que máis os precisaba debido ás dificultades orixinadas pola pandemia do coronavirus. **Esas partidas orzamentarias non se destinaron a ningún outro fin**, co que a decisión resulta aínda máis incomprendible. O Alcalde, como vén sendo habitual nos últimos plenos, rexeitou concretar as razóns desta decisión. Neste 2021, volve abusar de propaganda para anunciar a concesión de axudas a determinadas entidades, propiciando de novo un trato desigual **en función dos seus propios intereses**. Veciñanza tivo constancia do **malestar expresado por algunhas das asociacións afectadas**, que lamentan como a súa economía se verá resentida por unha decisión arbitraria e **inxusta do Goberno Municipal do PSOE**. Cómpre salientar que a aprobación destas axudas non supuña un esforzo económico extraordinario, senón que son **partidas asignadas no orzamento**





que o Alcalde decide non executar, co prexuízo que isto supón para as entidades que contemplaban estes ingresos previamente comprometidos na súa contabilidade.

O tecido asociativo cuntese é un valor a coidar e preservar, que dinamiza de maneira extraordinaria unha vila como a nosa en distintas áreas, especialmente a cultural e a deportiva. As entidades sen ánimo de lucro non atopan no Goberno do PSOE unha administración aliada que as coide e as recoñeza, polo que o seu traballo ten máis mérito aínda. **Veciñanza valora esta decisión como un dos escándalos máis graves da lexislatura e unha decisión impresentable, inxusta e autoritaria por parte dun goberno que combina altas doses de arrogancia con esa incapacidade característica que o define.**

